

A IDENTIDADE DE XÉNERO

No momento do nacemento se nos determina unha identidade (reixtral) unicamente en base aos nosos xenitais. En moitos casos acertan, e se naces cun pene es un neno e se naces cunha vulva, unha nena. Pero outros casos non é así e esa asignación é equivocada. Cando iso ocorre, atopámonos ante unha persoa trans.

- * Unha persoa trans é aquela cuxo sexo asignado ao momento do nacemento non coincide co sexo sentido, é dicir, coa súa identidade verdadeira.
- * A túa identidade de xénero non ten nada que ver coa túa orientación sexual. Que una crianza sexa trans non está relacionado coa súa orientación sexual futura. É dicir, no futuro poderá ser unha persoa heterosexual, homosexual, bisexual ou o que ela queira.
- * Recibir formación relacionada coa diversidade afectivo sexual, non vai facer que as crianzas muden de identidade. A maioría da infancia trans non tivo relación algunha con persoas trans.
- * Recibir formación relacionada coa diversidade fará que as nosas crianzas teñan máis empatía,

sexan moito máis comprensibles coas persoas coas que se relaciona ou se vai a relacionar nun futuro próximo e aprendan a valorar a diversidade como unha realidade máis da riqueza humana.

EDUCAR A INFANCIA TRANS DESDE O COLE

- * O noso labor como docentes consiste en acompañar a toda a infancia; sexa esta trans ou cis. Para nós cada un deles é unha persoa única e o que queremos, igual que vós, é que sexan felices e a súa etapa na escola sexa recordada como un tempo marabilloso e seguro ademais de enriquecedor nas aprendizaxes máis curriculares.
- * Un mundo máis diverso é un mundo moito máis rico en pensamento, en opinións, en xeitos de entender as cousas. Canto máis diversa e inclusiva sexa a nosa escola, tipos de familias, diferentes relixións, formas de vida... máis grande e forte será a maleta que acompañará a cada alumnado no resto da súa viaxe da vida.

EDUCAR A INFANCIA TRANS DESDE O FOGAR

- * Falar de infancia trans é moi sinxelo cando non che toca de cerca. Sabemos que o camiño non será doado pero tamén sabemos que vivir ca súa verdadeira identidade será o mellor para esa crianza.
 - * Por iso dende a túa escola o profesorado estase a formar ao teu carón para que o descoñecemento ou a desinformación non sexan a causa dos posibles problemas.
 - * Na túa escola podes falar co departamento de orientación / titora expresamente para ti sobre esta temática. E alá onde non poidan chegar, saberán de seguro recomendarte quen si sabe porque viviu o mesmo que ti estás a vivir agora.
- “Pode que o camiño non sexa doado pero a liberdade de ser a marabillosa persoa que es paga a pena; e aquí estamos para recorrer ese camiño xuntos”.

CEIP PENA DE FRANCIA

